

Lei 10/1984, do 13 de xullo, de asignación de recursos fixados polo Real decreto lei 3/1984, do 4 de abril, á Comunidade Autónoma de Galicia

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 284, do 8.6.1984.

Emendas, BOPG núm. 296, do 28.6.1984.

Informe da Ponencia, BOPG núm. 300, do 3.7.1984.

Dictame da Comisión, BOPG núm. 305, do 10.7.1984.

Mantemento de emendas e votos particulares, BOPG núm. 305, do 10.7.1984.

Debate e aprobación polo Pleno, DSPG núm. 83, do 13.7.1984.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 313, do 24.7.1984.

Diario Oficial de Galicia núm. 148, do 3.8.1984.

Boletín Oficial del Estado núm. 139, do 11.6.1985.

Lei 10/1984, do 13 de xullo, de asignación de recursos fixados polo Real decreto lei 3/1984, do 4 de abril, á Comunidade Autónoma de Galicia

Lei de asignación de recursos fixados polo R.D.-L. 3/1984, do 4 de abril, que fixa as insuficiencias de crédito polos servicios transferidos á Comunidade Autónoma de Galicia ata o 31-12-1983.

O redemento dos tributos susceptibles de cesión e participación, mediante porcentaxe, nos ingresos do Estado son os mecanismos básicos de financiación da Comunidade Autónoma Galega, de acordo co previsto na Lei Orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiación das Comunidades Autónomas, e no Estatuto de Autonomía.

Estes mecanismos de financiación que se aproban por Lei, deberían entrar en vigor, no caso da Comunidade Autónoma Galega, desde o 1 de xaneiro de 1982, a participación nos ingresos do Estado, e desde o 1 de xaneiro de 1983, o rendemento dos tributos susceptibles de cesión, conforme a unha interpretación estricta dos preceptos vixentes de aplicación.

A Comisión Mixta de Transferencias Estado-Comunidade Autónoma de Galicia, na súa reunión do 19 de xullo de 1982, puxo as bases para que as anteriores pre-

visións se cumprisen xa que adoptou, entre outros, cadanseus acordos polos que se fixaba a porcentaxe de participación da Comunidade nos ingresos do Estado polos servicios transferidos ata o 31 de decembro de 1981 —porcentaxe certamente cativa xa que recollía as transferencias da etapa pre-autonómica fundamentalmente pero que en 1983 se vería fortemente incidida polo importante volume de traspasos acordados en xullo de 1982— e se establecían o alcance a mailas condicións da cesión de tributos á Comunidade Autónoma.

O Goberno Central asumiu ámbolos dous acordos e, por unha banda, apoiou e remitiu ó Congreso dos Deputados o Proxecto de Lei de Cesión de Tributos e, pola outra, aprobou un Proxecto de Lei polo que se fixaba a porcentaxe de participación de Galicia nos ingresos do Estado na reunión do Consello de Ministros do 27 de agosto de 1982, reunión na que tamén se acordou a disolución das Cámaras e a convocatoria de eleccións xerais, motivo polo cal este último proxecto non chegou a ter entrada no Congreso dos Deputados.

Ámbolos proxectos quedaron caducados por ese motivo tal como prevén o Regulamento do Congreso dos Deputados e iso impediu que os mecanismos básicos de financiación se institucionalizasen durante o exercicio 1982, e mesmo durante 1983, xa que era vontade decidida do novo Goberno Central que os instrumentos financeiros básicos se establecesen ó mesmo tempo para tódalas Comunidades Autónomas, fixándose, a estes efectos, xaneiro de 1984, como a data de referencia.

Como consecuencia inmediata desta decisión, Galicia durante 1982 e 1983 percibiu unha financiación completa para a cobertura do custo dos servizos transferidos posto que estes continuaron financiándose polo sistema das baixas nos presupostos xerais do Estado calculadas baseándose en valoracións provisórias que omitían, entre outros elementos do custo, os correspondentes ós servizos centrais.

O obxectivo marcado polo Goberno Central de dotar a tódalas Comunidades Autónomas desde xaneiro de 1984 dos mecanismos financeiros básicos obrigaba a resolver previamente as insuficiencias financeiras producidas naquelas Comunidades que, como a nosa, adoptaran en Comisión Mixta acordos conducentes a garantizala cobertura dos servizos transferidos baseándose na cesión de tributos e na porcentaxe de participación.

Neste senso, tivo unha singular importancia o Consello de Política Fiscal e Financeira que, na súa reunión plenaria do 26 de xaneiro de 1984, acordaba que o Estado, para facer efectiva a garantía do custo efectivo dos servizos transferidos ata o 31 de decembro de 1983, asumiría as insuficiencias que se puidesen producir ata a data citada na financiación dos servizos asumidos polas Comunidades Autónomas. Para cuantificar as anteditas insuficiencias, habería de instarse ó convindo nos Pactos Autonómicos de 1981 no tocante ó cálculo e fixación da porcentaxe de participación nos ingresos do Estado.

As negociacións que se iniciaron entre a Administración do Estado e a Autonómica como consecuencia do antedito acordo orientáronse nun dobre senso: por unha banda, tratábase de integrar o custo efectivo correspondente ás valoracións definitivas que se foran fixando con anterioridade e, pola outra, determinar cal sería a financiación que lle correspondería á Comunidade Autónoma se os mecanismos de financiación básicos entrasen en vigor na data inicialmente prevista.

Rematada a fase de negociación, o 7 de marzo subscríbese unha proposta de acordo entre representantes de ámbalas dúas Administracións que é asumido integramente pola Comisión Mixta na súa reunión do día 20 seguinte e elevado ó Goberno do Estado que,

apreciadas as razóns de urxencia, decide sancionalo mediante o Real Decreto-Lei 3/1984, do 4 de abril, polo que se fixan as insuficiencias de financiación correspondentes a Galicia no importe de once mil oitocentos cincuenta e catro millóns seiscentas noventa mil pesetas (11.854.690.000 ptas.), o cal, unha vez convalidado polo Congreso dos Deputados, chegou a esta Cámara para a súa tramitación como proxecto de lei.

A presente Lei ten, pois, como obxectivo asignar presupostariamente os recursos correspondentes a Galicia polas insuficiencias financeiras dos servicios transferidos ata o 31 de decembro de 1983.

E a Xunta decidiuse pola remisión deste texto por dúas razóns, fundamentalmente: en primeiro lugar, porque quere axustarse non só á letra senón ó espírito das normas que sobre a materia se conteñen tanto na Lei de Xestión Económica e Financeira coma na propia Lei de Presupostos da Comunidade, e, en segundo lugar, porque se por un elemental principio de prudencia e equilibrio presupostario non incluíu nos seus presupostos os créditos a financiar con cargo a estes recursos, por seren estes incertos tanto na súa contía coma no momento en que poderían ser esixibles, estaría eludindo o necesario control parlamentario de se inclinar por algunha outra alternativa.

A Xunta, á hora de asignar-las recursos cifrados polo Real Decreto-Lei 3/1984, non podía deixar de tomar en consideración que a primeira das prioridades debe ser a de atender axeitadamente a cobertura das carencias de medios persoais e materiais dos servicios traspasados de maneira especial nos custos centrais, pero que, en menor escala, afectan tamén a gastos de inversión de reposición e outros gastos correntes.

Por outra banda, é urxente a ubicación axeitada das Institucións de Autogoberno —Parlamento e Xunta— rematando cunha situación de provisoriedade das súas instalacións, urxencia que se agudiza se se ten en conta que, coa entrada en vigor da porcentaxe de participación de Galicia nos ingresos do Estado para 1984, a financiación para estas atencións será exclusivamente autónoma non se percibindo xa as subvencións que se transferían con cargo á sección 32.^a do Presuposto de Gastos do Estado. A transcendencia e importancia do problema e a convicción de que as Institucións Autonómicas básicas deben ubicarse dignamente decidiron ó Goberno Galego a propoñer créditos para estas finalidades.

Tamén se destinan créditos para facilita-la coordinación coas Corporacións Locais galegas mediante canles institucionais para as relacións da Comunidade Autónoma con aquelas patrocinando a

creación da Federación Galega de Municipios e Provincias así como créditos que permitan atender actuacións derivadas da Lei de Recoñecemento da Galeguidade, extremos ámbolos dous que se coidan do máximo interés institucional.

Dentro das cuestións que han ter un tratamento institucional non se pode esquecer a defensa, apoio e promoción de todo aquilo que contribúa a reforza-la nosa propia e peculiar idiosincrasia. Galicia, como Comunidade Histórica con sinais de identidade de seu, ten que poñer a disposición de tódolos seus habitantes os bens históricos, culturais e artísticos que constitúen o seu importante patrimonio. Especial mención, dentro deste apartado, merece a nosa lingua, empezada nun proceso de normalización imprescindible que garante definitivamente a súa supervivencia. O Goberno cre que estes obxectivos, dos que non pode abdicar, se verían en gran medida favorecidos se, ás accións que xa se veñen desenvolvendo neste senso, se une o concurso decidido dos medios de comunicación social, moi especialmente o da televisión.

Por iso, propónse destinar á posta en marcha da T.V. Galega créditos por importe de 1.200.000.000 de ptas., que representan o 10,1 por cento do total.

Finalmente, quedan pendentes de asignación uns recursos que, se se puxesen en funcionamento os

mecanismos de financiación básica da Comunidade Autónoma nos anos 82 e 83, estes recursos xa serían incluídos nos Presupostos de Galicia destinándose ós seus obxectivos.

Ó non suceder así, procede asignar estes recursos de tal xeito que encaixen claramente dentro dos obxectivos xerais, tanto de carácter económico coma de carácter social, do Plan Económico que está a elaborar arestora, buscando un aproveitamento óptimo dos recursos naturais e humanos do noso país, un maior grado de integración do sistema socio-económico galego e a promoción e fomento do emprego, así como un mellor fornecemento de servizos e equipamentos colectivos para incrementar-lo benestar social e o nivel de vida dos galegos.

Noutra orde de cousas, semelloulle conveniente ó Goberno Galego iniciar xa unha aproximación á técnica de presupostación por programas que permita unha mellor asignación dos medios disponibles na Comunidade, e ó mesmo tempo poñe-las bases que faciliten o cumprimento, no seu día, do previsto no artigo 36.6.f) e na Disposición Transitoria cuarta da Lei de Xestión Económica e Financeira Pública de Galicia.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, regula-

dora da Xunta e do seu Presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de asignación de recursos fixados polo R.D.-L. 3/1984, do 4 de abril, á Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1

1. Autorízase a incorporación ó Estado de Gastos do vixente Presupuesto da Comunidade Autónoma de Galicia dos créditos que, por un importe total de once mil oitocentos cincuenta e catro millóns seiscentas noventa mil pesetas (11.854.690.000), se detalla nos programas que figuran no anexo que se acompaña a esta Lei como formando parte integrante da mesma.

2. Os devanditos créditos financiaranse cos recursos recoñecidos no Real Decreto-Lei 3/1984, do 4 de abril, e por un importe de once mil oitocentos cincuenta e catro millóns seiscentas noventa mil pesetas (11.854.690.000).

Artigo 2

Autorízase á Consellería de Economía e Facenda, a proposta das Consellerías respectivas, para realiza-las seguintes transferen-

cias, entre os créditos autorizados por esta Lei.

a) Entre as distintas partidas dun mesmo programa.

b) Entre os programas números 711A e 712A para a Reordenación Industrial.

Destas transferencias darase conta á Comisión de Economía, Facenda e Presupostos.

Disposición adicional

Antes do 30 de setembro de 1984, promulgaranse os Decretos da Xunta de Galicia para a posta en marcha dos programas 711A e 712A.

Disposición derradeira

Esta Lei entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de xullo de 1984

Gerardo Fernández Albor
Presidente

Anexo 1

Distribución do crédito

GRUPO I		Servicios de carácter xeral	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
Función	1.1.—	Alta dirección da C.A. e da Xunta		
Subfunción	1.1.1.—	Alta dirección da C.A.		
Programa	1.1.1.—	a).— Actividade lexislativa		
Accións		1.— Instalacións do Parlamento	1001/621.3	600.000.000
Subfunción	1.1.2.—	Alta dirección da Xunta		
Programa	1.1.2.—	a) Presidencia da Xunta		
Accións		1.— Subvención ó Concello de Santiago en compensación por cesión de locais en Pazo de Raxoi.	0106/751	24.000.000
Función	1.2.—	Administración xeral da Comunidade Autónoma		
Subfunción	1.2.1.—	Administración Xeral		
Programa	1.2.1.—	a) Dirección e Servicos xerais da Administración Xeral		
Accións		1.— Gastos de persoal: para cubrir postos de traballo vacantes en Servicos Centrais:		
		— Básicas	0106/112	28.169.053
		— Complementarias	0106/122	22.800.728
		2.— Gastos de funcionamento da Xunta		
		— Aluguer de edificios admvos. da Xunta	0106/221	30.000.000
		3.— Adquisición, acondicionamento, equipamento e outros medios de locais de servicos da Xunta.	0106/651	
		— Adquisicións	0106/651.1	55.000.000
		— Acondicionamentos	0106/651.2	186.000.000
		— Equipamento	0106/651.3	100.000.000
		4.— Inversións nova sede da Xunta: acondicionamento e adaptación de San Caetano.	0106/661	623.000.000
		5.— Novas construcións e equipamento escolar de centros para ubicación alumnado de San Caetano.	0106/651	677.000.000
Subfunción	1.2.2.—	Gastos da Administración Autónoma relativos á Administración Local.		
Programa	1.2.2.—	a) Coordinación con Corporación Locais e relacións financeiras		
Accións		1.— Gastos de promoción, creación e constitución da Federación Galega de Entidades Locais.	0102/285	5.000.000
Subfunción	1.2.3.—	Outros servicos xerais		
Programa	1.2.3.—	a) Diario Oficial de Galicia		
Accións		a) Gastos de publicacións e do DOG	0106/253.1	37.000.000

LEI 10/1984, DO 13 DE XULLO, DE ASIGNACIÓN DE RECURSOS FIXADOS POLO REAL DECRETO LEI 3/1984

GRUPO II		Protección e Promoción Social	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
Función	2.1.—	Protección Social		
Subfunción	2.1.1.—	Administración xeral		
Programa	2.1.1.—	a) Dirección e servizos xerais de Traballo, Seguridade Social e Emigración.		
Accións		1.— Gastos de persoal: para cubrir postos de traballo vacantes en servizos centrais:		
		— Básicas	0501/112.1	23.350.608
		— Complementarias	0501/122.1	21.033.400
		2.— Inversións reais. Para adquisición de locais para a Delegación en Ourense	0501/651	15.000.000
Subfunción	2.1.2.—	Emigración		
Programa	2.1.2.—	a) Accións a favor dos emigrantes.		
Accións		1.— Para as atencións previstas na Lei 4/1983, de recoñecemento da galegüidade.		
		— Actuacións de promoción e desenvolvemento do coñecemento da lingua, cultura e tradicións de Galicia.	0504/481	26.044.160
		— Subvencións a actividades culturais.	0504/285	22.240.000
Función	2.2.—	Promoción Social		
Subfunción	2.2.1.—	Promoción educativa		
Programa	2.2.1.—	a) Servizos complementarios do ensino. Transporte escolar. Por liquidación de exercicios anteriores.	0402/483.2	489.730.367
Subfunción	2.2.2.—	Promoción do emprego.		
Programa	2.2.2.—	a) Fomento do emprego		
Accións		1.— Para adquisicións de accións de empresas ó amparo do Decreto 123/1983, do 27 de xullo, do emprego a través da creación de novas empresas.	0502/847	300.000.000
GRUPO III		Promoción de bens públicos de carácter social	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
Función	3.1.—	Sanidade.		
Subfunción	3.1.1.—	Administración xeral.		
Programa	3.1.1.—	a) Dirección e Servizos Xerais de Sanidade.		
Accións		1.— Gastos de persoal: para cubrir postos de traballo vacantes en Servizos Centrais:		
		— Básicas	0601/112.1	9.569.171
		— Complementarias	0601/122.1	6.927.394
Subfunción	3.1.2.—	Hospitais, Servizos asistenciais e Centros de saúde.		
Programa	3.1.2.—	a) Asistencia en Institucións Sanitarias.		
Accións		1.— Inversións: para construción, reforma e equipamentos de centros de saúde para asistencia primaria	0603/643	675.000.000
Subfunción	3.1.3.—	Accións públicas relativas á saúde.		
Programa	3.1.3.—	a) Potenciación e promoción da saúde.		

GRUPO III		Promoción de bens públicos de carácter social	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
		1.— Campaña sanitaria de detección precoz e control do cáncer cérvico-uterino.	0602/632.1	95.000.000
		2.— Campaña sanitaria contra o bocio endémico	0602/632.2	30.000.000
Función	3.2.—	Educación		
Subfunción	3.2.1.—	Administración xeral.		
Programa	3.2.1.—	a) Dirección e Servicos Xerais de Educación.		
Accións		1.— Gastos de persoal: para cubrir postos de traballo vacantes en Servicos Centrais.		
		— Básicas	0401/112.1	19.857.136
		— Complementarias	0401/122.1	6.622.940
Accións		3.— Gastos de funcionamento. Por liquidación de exercicios anteriores.		
		— Dotación gastos de oficina	0401/211	866.182
		— Mantemento e outros gastos de inmobles	0401/222	1.415.689
		— Comunicacóns	0401/235	3.374.536
		— Dietas, locomoción e traslados	0401/241	446.414
		— Dietas dos Xuíces de tribunais de oposicións e concursos	0401/242	5.008.471
		— Moblaxe e equipo inventariable	0401/271	918.341
		4.— Inversións reais. Revisións de prezos e outras incidencias en construcións escolares.	0401/653	135.000.000
Subfunción	3.2.2.—	Ensin		
Programa	3.2.2.—	a) Educación Pre-escolar e Xeral Básica.		
		1.— Gastos de funcionamento dos centros.	0401/257	54.000.000
		2.— Inversións reais. Construción, adecuación, mantemento e equipamento de centros docentes de E.X.B. e Pre-escolar. De acordo cun plan específico presentado no Parlamento.	0401/652	238.200.000
Programa	3.2.2.—	b) Educación de ensino medio.		
		1.— Gastos de funcionamento de centros:		
		— BUP	0403/257.1	50.580.000
		— De A.A. a O.A.	0403/257.3	3.000.000
		— De F.P.	0403/257.5	30.000.000
		2.— Inversións reais. Construción, adecuación, mantemento e equipamento de centros de BUP, FP, e O.A. De acordo cun plan específico presentado no Parlamento.	0401/652	167.400.000
Programa	3.2.2.—	c) Ensino permanente e a distancia.		
Accións		1.— Construción e equipamento de centros.	0401/652	100.000.000
Función	3.3.—	Benestar comunitario.		
Subfunción	3.3.1.—	Saneamento e abastecemento de augas.		
Programa	3.3.1.—	a) Infraestructura urbana, saneamento e abastecemento de augas.		
Accións		1.— Inversións reais. Obras de abastecemento e saneamento en núcleos de poboación superiores a 500 habitantes.	0404/651	596.000.000

GRUPO III		Promoción de bens públicos de carácter social	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
	3.3.2.—	Protección do medio ambiente.		
	3.3.2.—	a) Tratamento de residuos urbanos.	0302/751	10.577.088
Función	3.4.—	Cultura.		
Subfunción	3.4.1.—	Bibliotecas e arquivos.		
Programa	3.4.1.—	a) Arquivos.		
Accións		1.— Inversións reais.		
		Creación da Fonoteca de Galicia	0401/623.1	2.500.000
		2.— Creación da Hemeroteca de Galicia	0401/623.2	3.000.000
		3.— Posta en funcionamento da Fonoteca de Pontevedra	0401/623.3	6.000.000
Programa	3.4.1.—	b) Bibliotecas.		
		1.— Inversións reais: adquisición de lotes bibliográficos para bibliotecas.	0406/645	31.325.428
Subfunción	3.4.2.—	Museos e artes plásticas.		
Programa	3.4.2.—	a) Exposicións.		
		1.— Transferencias correntes a Corporacións Locais: Bial de Pontevedra.	0401/451	1.500.000
Subfunción	3.4.3.—	Promoción e cooperación cultural.		
Programa	3.4.3.—	a) Promoción e servicios á xuventude.		
Accións		1.— Inversións reais para equipamento, acondicionamento e reparación de centros da xuventude.	0903/641	107.000.000
		2.— Campamento de Monterrei.		
Programa	3.4.3.—	b) Promoción e cooperación cultural.		
		1.— Publicacións e información.	0401/253.1	15.000.000
		2.— Premios legalmente instituídos.	0401/257.1	7.000.000
		3.— Subvencións e convenios con centros culturais.	0401/281.7	27.500.000
		4.— Adquisición de 50 stands para a montaxe de feiras do libro.	0401/623.4	12.500.000
		5.— Axudas e bolsas para a creación artística.	0401/485	7.000.000
		6.— Gastos con motivo do retorno a Galicia dos restos de Castelao.	0401/646	14.000.000
		7.— Normalización lingüística.	0405/642	43.826.692
Subfunción	3.4.4.—	Deportes e Educación Física.		
Programa	3.4.4.—	a) Fomento e apoio da actividade deportiva.		
		1.— Transferencias a entes territoriais. Para promociona-la construción de instalacións deportivas.	0903/751	68.000.000
Subfunción	3.4.5.—	Protección do patrimonio histórico-artístico		
Programa	3.4.5.—	a) Patrimonio histórico-artístico		
Accións		1.— Comisións de patrimonio	0401/257	4.000.000
		2.— Restauración de monumentos.	0401/621	135.180.000
Funcións	3.5.—	Outros servizos comunitarios e sociais.		
Subfunción	3.5.1.—			
Programa	3.5.1.—	a) Apoio á comunicación social.		

GRUPO III		Promoción de bens públicos de carácter social	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
Accións		1.— Inversións reais: Centro de produción; rede de enlaces e emisoras e corresponsalías da Televisión Galega.	0107/654	1.200.000.000
GRUPO IV		Producción de bens públicos de carácter económico	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
Función	4.1.—	Infraestructuras básicas do transporte.		
Subfunción	4.1.1.—	Administración Xeral.		
Programa	4.1.1.—	a) Dirección e Servicios Xerais de Ordenación do Territorio e Obras Públicas.		
Accións		1.— Gastos de persoal: para cubrir postos de traballo vacantes en servizos xerais.		
		— Básicas	0301/112.1	27.868.050
		— Complementarias	0301/122	25.700.566
		— Para previsión incremento convenio persoal laboral da Xunta (Servizos Centrais).	0301/161.1	892.312
		2.— Gastos de funcionamento.		
		— Moblaxe e equipo para servizos periféricos.	0301/271	16.000.000
		— Inversión real: obras de adaptación e acondicionamento de locais de servizos transferidos.	0301/651	12.000.000
Subfunción	4.1.2.—	Portos e transportes marítimos.		
Programa	4.1.2.—	a) Infraestructura e explotación portuaria.		
Accións		1.— Gastos de funcionamento		
		— Adquisicións especiais.	0304/256.2	1.000.000
		— Conservación, reparación e mantemento de maquinaria e reparacións.	0304/262.2	4.000.000
		— Moblaxe e equipo inventariable.	0304/671.2	600.000
		— Estudos e traballos técnicos.	0304/283.2	900.000
		2.— Inversións reais.		
		— Para dar cumprimento ó pagamento de revisións de liquidacións nos portos transferidos ata 27-11-82	0304/661	104.600.000
Función	4.2.—	Infraestructuras económicas.		
Subfunción	4.2.1.—	Reforma e desenvolvemento agrario.		
Programa	4.2.1.—	a) Reforma das estruturas agrarias e desenvolvemento rural	0702/783	300.000.000
Accións		1.— Vialización de explotacións con recursos ociosos	073/783	100.000.000
GRUPO III		Promoción de bens públicos de carácter social	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
		2.— Explotación de montes veciñais en man común.	0702/783	25.000.000
			0703/783	60.000.000
			0704/783	15.000.000

LEI 10/1984, DO 13 DE XULLO, DE ASIGNACIÓN DE RECURSOS FIXADOS POLO REAL DECRETO LEI 3/1984

GRUPO III		Promoción de bens públicos de carácter social	Aplicación Presupostaria	Importe Ptas.
Función	4.3.—	Información estadística básica.		
Subfunción	4.3.1.—	Soportes estadísticos.		
Programa	4.3.1.—	a) Elaboración e difusión estadística.		
Accións		1.— Para tódolos gastos necesarios para a posta en marcha dos Servicios Estadísticos da Comunidade Autónoma.		
		— Retribucións de persoal	0201/171	10.000.000
		— Gastos de funcionamento	0201/291	5.000.000
GRUPO V		Regulación económica de carácter xeral	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
Función	5.1.—	Actuacións económicas xerais.		
Subfunción	5.1.1.—	Administración Xeral.		
Programa	5.1.1.—	a) Dirección e servizos xerais de Economía e Facenda.		
		1.— Gastos de persoal: para cubrir postos de traballo en Servizos Xerais.		
		— Básicas	0201/112.1	15.494.664
		— Complementarias	0201/122	16.236.603
		2.— Inversións reais: para tódolos gastos necesarios do Programa de Información da Xunta.	0201/651	116.021.850
Subfunción	5.1.2.—	Regulación económica xeral.		
Programa	5.1.2.—	a) Planificación e previsión económica; creación dos servizos de Planificación e Oficinas de Programación de Inversións da Xunta.	0201/171.1	31.905.048
Función	5.2.—	Actividades financeiras.		
Subfunción	5.2.1.—	Administración financeira.		
Programa	5.2.1.—	a) Control interno e contabilidade pública; creación e potenciación das Intervencións delegadas en Consellerías da Xunta.	0201/171.2	15.000.000
GRUPO VI		Regulación Económica de Sectores Productivos	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
Función	6.1.—	Agricultura, gandería e pesca.		
Subfunción	6.1.1.—	Administración xeral.		
Programa	6.1.1.—	a) Dirección e Servizos Xerais de Agricultura.		
		1.— Gastos de persoal. Para cubrir postos de traballo vacantes en servizos centrais.		
		— Básicas	0701/112.1	15.962.289
		— Complementarias	0701/122.1	14.518.592
		2.— Para inversión de incrementando do persoal laboral da Xunta e Servizos Centrais.	0701/161	510.134
		3.— Homologación persoal transferida a Organismos da Consellería de Agricultura.	0701/161.2	17.856.205

LEI 10/1984, DO 13 DE XULLO, DE ASIGNACIÓN DE RECURSOS FIXADOS POLO REAL DECRETO LEI 3/1984

GRUPO VI		Regulación Económica de Sectores Productivos	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
Subfunción	6.1.2.—	Ordenación, reestructuración e mellora de producións agrarias e pesqueiras.		
Programa	6.1.2.—	a) Ordenación, fomento e mellora da produción agraria e pesqueira.		
Accións		1.— Repoboación forestal.	0704/771.2	400.000.000
		2.— Fomento e potenciación de cultivos mariños intensivos.	0706/771	150.000.000
		3.— Explotación racional e recuperación de bancos e caladeiros naturais.	0705/671	90.000.000
			0706/651	100.000.000
		4.— Fomento da creación de parques ostrícolas.	0706/772	50.000.000
		5.— Instalación de planta piloto polivalente de especies mariñas.	0706/652	50.000.000
Función	6.2.—	Industria.		
Subfunción	6.2.1.—	Administración xeral.		
Programa	6.2.1.—	a) Dirección e servizos xerais de Industria.		
Accións		1.— Gastos de persoal: para cubrir postos de traballo vacantes en Servizos Centrais.		
		— Básicas	0801/112.1	2.850.702
		— Complementarias	0801/122.1	2.460.009
		2.— Gastos de funcionamento.		
		— Gastos de inmobles	0801/222.1	3.250.000
		— Comunicacóns		1.750.000
Función	6.3.—	Turismo		
Subfunción	6.3.1.—	Administración xeral.		
Programa	6.3.1.—	a) Dirección e servizos xerais de Turismo, Xuventude e Deportes.		
Accións		1.— Gastos de persoal: para cubrir postos de traballo vacantes en Servizos Centrais.		
		— Básicas	0901/112.1	10.048.207
		— Complementarias	0901/122.1	7.222.689
		2.— Gastos de funcionamento das unidades Instituto da Xuventude.	0903/253	10.000.000
		3.— Inversións reais: obra de acondicionamento da Delegación da Consellería en Lugo.	0901/651	1.500.000
Subfunción	6.3.2.—	Ordenación e promoción turística.		
Programa	6.3.2.—	a) Ordenación, promoción e fomento do turismo.		
Accións		1.— Inversións reais:		
		— Obras de acondicionamento e reforma para a reapertura do Parador de Portomarín.	0902/645	30.000.000
		— Construcción e mellora de instalacións e servizos turísticos en praias.	0902/646	50.000.000
		2.— Apoio financeiro a empresas turísticas. Para a concesión de créditos subvencionados.	0201/771	43.442.480
GRUPO VII		Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
Función	7.1.—	Reordenación industrial.		
Subfunción	7.1.1.—	Fomento da construción naval.		

LEI 10/1984, DO 13 DE XULLO, DE ASIGNACIÓN DE RECURSOS FIXADOS POLO REAL DECRETO LEI 3/1984

GRUPO VII		Reordenación industrial e desenvolvemento empresarial	Aplicación presupostaria	Importe Ptas.
Programa	7.1.1.—	a) Fomento da construción naval, con especial atención á reestructuración da frota pesqueira de baixura.		
Accións		1.— Apoio financeiro a empresas do sector naval.	0802/777	1.400.250.000
Subfunción	7.1.2.—	Mantemento, desenvolvemento e promoción de actividades productivas.		
Programa	7.1.2.—	a) Fomento ó mantemento e creación de industrias.		
Accións		1.— Subvención á creación e ampliación de industrias.	0208/777	1.000.000.000
Función	7.2.—	Desenvolvemento empresarial.		
Subfunción	7.2.1.—	Industrialización e ordenación agroalimentaria.		
Programa	7.2.1.—	a) Industrialización, comercialización e ordenación agroalimentaria.		
Accións		1.— Apoio á comercialización agraria e reindustrialización.	0703/777	150.000.000
		2.— Establecemento de lonxas.	0705/781	60.000.000
		3.— Potenciación da rede do frío	0705/771	50.000.000
Subfunción	7.2.2.—	Ordenación Territorial Industrial.		
Programa	7.2.2.—	a) Promoción do Solo Industrial	0302/641	28.985.802
TOTAL				11.854.690.000

